Na tabla faise un reparto aproximado por bloques aínda que queda a xuízo do profesor/a a secuencialización dos distintos contidos do xeito que mellor se adapte as circunstancias dos distintos grupos. Por exemplo, pode alternarse o debuxo xeométrico coa expresión plástica se se quere facer máis ameno e doado para o alumnado, ou mesmo introducir algúns conceptos xeométricos que se podrán en práctica en outras aplicacións máis creativas (deseños).

Nos días entre a avaliación ordinaria e extraordinaria no terceiro trimestre contemplada entre os días 6 e 22 de Xuño, se reforzará con tarefas, láminas ou traballos específicos os alumnos e alumnas, que non superasen a asignatura na convocatoria ordinaria de xuño, para que teñan a oportunidade de acadar os contidos mínimos en nos días de xuño. Así mesmo, o alumnado que superase as avaliacións ampliarán coñecementos por medio de traballos e tarefas.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS A UTILIZAR.

1. Material necesario. Material mínimo e obrigatorio, que debe aportar o alumno/a, para as materias de Debuxo

Técnico e Educación Plástica, Visual e Audiovisual:

- Escuadra e cartabón
- Escalímetro ou regra graduada de 20 cm
- Compás .
- Lapis ou portaminas con minas de dureza 2H HB e 2B.
- Goma de borrar, branca.

-Rotuladores, ceras ou lapices de cores

-Rotulador punta fina e negro

En secundaria os alumnos/as terán que recoller fotocopias das láminas que serán necesarias durante o curso.

Na selección de recursos didácticos hai que ter en conta unha serie de factores, entre os que destacamos os seguintes:

Adecuación ao obxectivo que se desexa alcanzar: O emprego do recurso debe estar insiro nunha determinada experiencia de aprendizaxe, cuxos obxectivos estarán determinados.

Adecuación ao nivel de maduración dos alumnos.

Calidade: que poida verse e oírse con claridade, que teñan marxes controladas de erro, etc. Costo: que o seu custo estea en proporción co seu rendemento para a aprendizaxe dos alumno/as.

Posibilidade que ofrece para que o alumno/a sexa artífice da súa propia aprendizaxe : Son mellores os recursos que favorecen a participación activa dos alumnos.

2. MATERIAIS DIDÁCTICOS DE APOIO ÁS CLASES UTILIZADOS POLO PROFESOR:

↘ Encerado, xiz de cores, escuadra, cartabón, compás, transportador de ángulos.

↘ Fotocopias para algúns traballos, proxector e ordenador para visualizar imaxes e exemplos de apoio a las explicacións, fotografías de traballos de alumnos anteriores.

↘ Presentacións e recursos e enlaces on line das técnicas e contidos analizados.

↘ Vídeo e televisión. Cámara fotográfica, cámara web e escáner.

METODOLOXÍA:

Facer unha avaliación inicial para coñecer as dificultades as que se enfrenta o laumnado despois de perdida dun trimestre debida a situacion coviddo curso pasado e avaliar as necesidadesde aprendizaxe

- Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.
- Introducir de xeito xeral o alumno na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.
- Explicar as diferentes unidades utilizando diversos exemplos e mostrando imaxes que faciliten a súa comprensión.
- Propor a actividade a realizar, facendo fincapé nas técnicas, materiais e obxectivos a traballar.

No caso dos trazados xeométricos, normalmente o profesor realizará os exercicios na pizarra e os alumnos irán realizándoos nas láminas xunto co profesor. Se irá observando na clase se o alumno realiza correctamente o exercicio, se ten o material necesario e se solucionarán as dúbidas que poidan xurdir. Unha vez

finalizados os exercicios o alumno terá que procurar rematar a lámina colocando as indicacións, títulos e nome, e procurando unha boa presentación. Se o alumno non rematou a lámina ou nalgún exercicio tivo dificultades e precisa máis tempo poderá terminar ou repetir na casa.

Marcarase un prazo de entrega para cada lámina ou traballo. Valorarase a puntualidade na entrega. Corrixirase, puntuarase de cero a dez e devolverase cada exercicio de modo que o alumno poida coñecer o seu grao de consecución dos obxectivos.

Procurarase a colaboración entre os alumnos facendo de cando en vez algún traballo en grupo. Aínda que a maior parte das actividades son de tipo individual. Pero fomentarase a cooperación e un bo ambiente de traballo, respectando e desenvolvendo a solidariedade e a conciencia colectiva do grupo.

Estableceranse normas para cada traballo e normas de comportamento en xeral dentro da aula, cos compañeiros e de coidado do material e limpeza. Nas actividades artísticas tentarase prestar atención as motivacións persoais e á natureza de cada individuo. Así como nas actividades de debuxo xeométrico se buscará a precisión, corrección e rigor. Nas outras se procurará a creatividade, que o alumno reflexione e experimente co material e se atopen posibles solucións. Que se exprese con liberdade e adquira unha visión aberta cara a diferentes creacións artísticas tanto propias como alleas. O profesor neste caso guiará ó alumno no seu proceso, propoñendo ou suxerindo. Pero a pesar de deixar un maior grao de liberdade o alumno deberá sempre axustarse ós obxectivos e aplicar as técnicas propostas polo profesor.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos , así como os instrumentos e avaliación dividímolos en tres supostos , que o ensino sexa presencial, semipresencial ou non presencial.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Observación diaria e participación en clase. -Preguntas orais -Corrección e avaliación dos traballos e láminas realizados en cada avaliación. -Probas teóricas ou prácticas (exames). Se realizarán se o profesor o cree conveniente, reservándose como unha opción. -Probas de recuperación -En caso de non realizarse as probas escritas ou orais, avaliaranse os traballos e participación do alumno en clase. -Así como a asistencia a clase co material requerido, o traballo durante as sesións e a implicación, esforzo e interese polo seu traballo diario. -Probas de recuperación 	

- | | |
|--|--|
| -Traballos e tarefas individuais, en perella ou grupo, feitos nas horas léctivas , como proba práctica de coñecementos.
- Entrega en tempo e forma os traballos , tarefas, test de coñecementos,etc..requeridos . | |
|--|--|

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Consideramos tres instrumentos avaliativos, a observación directa, controis escritos (nalgúns casos), traballos realizados (principal fonte de avaliación e cartafol dos alumnos . De cada un deles avaliamos os aspectos que se concretan no seguinte:	Examen 40%	Deseño de probas específicas que axuden a valorar a adquisición dos contidos. As probas ou exames faránse, ou non, según o criterio do profesor en cada avaliación.
	Traballos 40%	•Progreso na adquisición e aplicación práctica dos contidos. Aplicación dos coñecementos básicos. Destreza manual. Uso do material. Estética. Presentación dos bosquejos, informes ou memorias dos traballos realizados. Calidade da documentación gráfica, vocabulario, orixinalidade, auto avaliación. <ul style="list-style-type: none"> •
	Observación directa 20%	Manexo axeitado dos recursos, medios, ferramentas e técnicas que se empregan nos distintos procesos. Valorar as súas creacions, mostrando interese polo bo uso das diferentes técnicas. Aportar as ferramentas , medios e tecnicas necesarias para cada proceso de creación e valorar a puntualidade no proceso de entrega de tcreacions asi coa a correcta presentacion, mostrarndo respecto polas diferentes expresións artísticas.

ESPECIFICACIÓNS:

1. EXAMES (se os houbera) que contarán o 40% da nota dos controis teórico/prácticos que se realicen. Se valorará se contesta ás cuestións teóricas prantexadas e resolve correctamente os problemas de tipo práctico nas probas de cada avaliación. O alumno/a deberá xustificar debidamente os trazados realizados seguindo as normas do debuxo. Non se fara nota media por debaixo de 3 puntos no exame.

2. AS LÁMINAS OU TRABALLOS que contará o 40% da nota da avaliación.

Para a obtención da nota dos traballos o profesor pode ter en conta o tempo asignado a cada traballo para ser realizado.

As láminas non presentadas terán a nota de cero.

En cada actividade (láminas o traballos prácticos) se avaliará :

- ↘ Se o alumno/a coñece e aplica os conceptos dados na explicación, expresase de acordo os contidos e manexa os instrumentos de cada técnica con habilidade.
- ↘ Se aplica os materiais propios de cada técnica.
- ↘ Se se axusta ós obxectivos e plantexamentos de cada exercicio.
- ↘ Se aplica os conceptos dados en cada exercicio con creatividade.
- ↘ Se entrega os traballos realizados con boa presentación.

Nos traballos prácticos haberán de superar uns mínimos de limpeza e precisión, no admitíndose como válidos traballos que teñan raspaduras, borróns, engurras, tipex etc., o que mostren signos evidentes de insuficiencia de coñecementos, de falta de destrezas ou de una inadecuada utilización dos instrumentos de debuxo.

*No caso de non realizarse exames nalgunha avaliación a nota media dos traballos pasará a ter un valor do 60 % da nota da avaliación e a observacion directa dun 40%.

OBSERVACIÓN E ANOTACIÓNS DIARIAS DO ALUMNADO será o 20% da nota da avaliación.

Conforman este apartado os seguintes aspectos:

- ↘ Asistencia regular a clase con puntualidade.

- _{rx} Traer a clase o material necesario para a realización dos traballos.
 - _{rx} Riguroxidade, regularidade e puntualidade na entrega de traballos
 - _{rx} Coidado do material e traballos propios e alleos, mantendo a limpeza na clase.
 - _{rx} Respeto as nomas de convivencia tanto co profesor como cos compañeiros.
 - _{rx} Participación activa na clase; poñendo interese nas actividades e contestando adecuadamente as preguntas orais do profesor.
 - _{rx} Axudar aos compañeiros no traballo diario na medida que poida.
 - _{rx} Boa actitude de cara ao traballo en grupo, colaborando activamente en todo o proceso.
 - _{rx} Esforzo en superar as dificultades, solicitando axuda oportunamente cando sexa necesario e implicándose no proceso de superación de ditas dificultades.
- O incumplimento do anterior se tera en conta coma abandonao da asignatura, e faraise constar por amonestacions

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	
AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO NA ESO	Criterios xerais nas actividades de apoio , recuperacion , ampliacion e titoria para o periodo comprendido entre a 3º eval a aa final EN 4º ESO
<p>O alumnado que non supere a materia deberá presentarse en Xuño a un examen.</p> <p>-A nota do exame de Xuño contará un 60 %</p> <p>-Asimesmo o/a alumno/a que se presente a proba deberá facer entrega nese mesmo momento dos traballos realizados ao longo do curso que teñan sen entregar ou repetir aqueles nos que tivera cunha baixa cualificación, ademais dos traballos dereforzo propostos para os dias de recuperacion no mes de Xuño, sendo o outro 40% a cualificación dos traballos entregados.</p>	<p>A avaliación e cualificación final de cada alumno/a será individualizada e centrándose na súa evolución partindo da situación inicial e da evolución do curso. Teránse en conta todos os aspectos que incidan en cada situación particular.</p> <p>Progreso na adquisición e aplicación práctica dos contidos, Observación directa do manexo axeitado de recursos e ferramentas, aporte de medios e entrega das creacións, puntualidade nas entregas e valoración das creacións propias e alleas. 60%.</p> <p>Probas ou exames que axuden a valorar a adquisición dos contidos 40% .</p> <p>Asi mesmo, o alumnado que superase as avaliacións ampliarán coñecementos por medio de traballos e tarefas coa finalidade de mellorar a súa nota media para a avaliación final.</p>

PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN e subir nota		
PENDENTES	RECUPERACION DE PENDENTES EN XUÑO	Procedemento de reecuparacin das materias pendentes
<p>Oa alumnos e alumnas que teñan a materia de Educación Plástica e Visual pendente do curso anterior, terán dúas convocatorias para poder superar a materia pendente. Estas convocatorias son as seguintes:</p> <p>1º Convocatoria: Consiste na realización duns traballos ou láminas que serán entregadas no inicio de segundo trimestre , 28 de Xaneiro e que será anunciada na aula virtual e que os alumnos/as poderán ter acceso a estas laminas ou tarefas na aula virtual no apartado de PENDENTES 1º e 3º da ESO, en caso de non ter dispoñibilidade de acceso a aula virtual dende a súa casa, a Xefa do Departamento de Debuxo, poderá entregar a cada un dos alumnos/as que que o necesiten as fotocopias dos traballos para realizar , Os alumnos e alumnas deberán solicitalo no departamento.</p> <p>O profesor correspondente corruxirá estes traballos ou láminas e antes do mes de marzo e publicará no taboleiro unha lista indicando que alumnos superaron esta primeira convocatoria.</p> <p>A porcentaxe da nota nesta primerira</p>	<p>Os alumnos que non superen a materia nas dúas convocatorias, terán outra oportunidade en XUÑO. Na que deberan presentarse o examen programado polo departamento, ademais de facer entrega dos traballos practicos propostos na convocatoria.</p>	<p>Nos días entre a terceira avaliación e a avaliación final ,contemplada entre os días 6 e 22 de Xuño, os alumnos/as que non superaasen a materia ou algunha das partes da materia, reforzarán coas tarefas, láminas ou traballos non se houberan terminado ou entregado no seu momento, tamen faran exercicios especificos para facer fronte a proba final escrita.</p> <p>Asi mesmo, o alumnado que superase as avaliacións ampliaran coñecementos por medio de traballos e tarefas coa finalidade de mellorar a súa nota media para a avaliacion final.</p>

<p>convocatoría e dun 60% da nota final.</p> <p>2ª Convocatoria: Consiste na realización dun exame O exame tratará sobre os contidos da materia, tanto debuxo técnico como artístico. Ao exame o alumno/a deberá acudir provisto de todo o material que lle poida ser necesario(xogo deregras, compás , transportador, lapis , goma,...) Non se prestará material para facer o exame, xa que a responsabilidade de traer o material e unha parate da nota . . Aporcentaxe desta convocatoria e dun 40% do total.</p>		
--	--	--

9. ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES PARA TODOS OS CURSOS DA ESO.

Os alumnos e alumnas que teñan a materia de Educación Plástica e Visual pendente do curso anterior, terán dúas convocatorias para poder superar a materia pendente. Estas convocatorias son as seguintes:

1º Convocatoria:

Consiste na realización duns traballos ou láminas que serán entregadas no inicio de segundo trimestre, finais de Xaneiro (data por determinar e que será anunciada na aula virtual) na os alumnos/as poderán ter acceso a estas láminas ou tarefas na aula virtual no apartado de PENDENTES 1º e 3º da ESO, en caso de non ter dispoñibilidade de acceso a aula virtual dende a súa casa, a Xefa do Departamento de Debuxo, poderá entregar a cada un dos alumnos/as que o necesiten as fotocopias dos traballos para realizar, estes alumnos e alumnas deberán solicitalo no departamento.

O profesor correspondente corruxará estes traballos ou láminas e antes do mes de marzo e publicará no taboleiro unha lista indicando que alumnos superaron esta primeira convocatoria.

A porcentaxe da nota nesta primeira convocatoria e dun 60% da nota final.

2ª Convocatoria:

Consiste na realización dun exame no lugar, día e hora que na convocatoria de pendentes especifíquese, aproximadamente durante o mes de Abril.

O exame tratará sobre os contidos da materia, tanto debuxo técnico como artístico.

Ao exame o alumno/a deberá acudir provisto de todo o material que lle poida ser necesario(xogo deregras, compás , transportador, lapis , goma,...) Non se prestará material para facer o exame, xa que a responsabilidade de traer o material e unha parate da nota . .

A porcentaxe desta convocatoria e dun 40% do total.

Os alumnos que non superen a materia en ningunha destas dúas convocatorias, terán outra oportunidade en setembro, para iso, deben presentarse ao exame da materia correspondente ao curso do cal teñen a materia pendente.

Os alumnos que se incorporen xa empezado o curso ou aqueles que, tras un período de absentismo ou falta de traballo, decidan retomar a materia, terán a oportunidade de recuperar a materia mediante a entrega dos traballos correspondentes a ese período en branco, e en todo caso deberán presentarse unha proba global en xuño, se se considera que non se lograron as competencias básicas. O alumno terá dereito a esta proba aínda que non realizase estes traballos.

A incorporación destes alumnos quedará reflectida nas Actas do Departamento.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS PARA TODOS OS CURSOS DA ESO.

Na primeira quincena do curso, faremos unha avaliación inicial, na que teremos en conta os contidos que non puideran alcanzarse no curso anterior, nesta proba evaluaremos individualmente as capacidades, e/ou actitudes do alumno/a na materia, na reunión do equipo docente en todos os cursos da ESO escoitaremos e teremos en conta o estudo detallado dos informes de avaliación do curso anterior .

- Completaremos a ficha do alumno, cos datos que nos aporten diversas probas sobre cuestións tais como: gustos, aficións, entorno habitual, etc.
- Con toda esta información tentaremos adecuar o proceso didáctico e aplicar un modelo axeitado ás súas características.
- **Faremos unha avaliación: Individual** (de interese e capacidade)
- Fomentaremos a **autoavaliación** coa intención de que o alumno desenrole un espírito crítico e construtivo co seu traballo.
- **O esforzo e a actitude** na clase.

Valorarase:

A **participación activa** nas explicacións.

As **láminas o traballos** de cada tema. Os **traballos adicionais** en grupo.

A **habilidade** na resolución dos traballos (trazado, limpeza...)

A **presentación** dos traballos (orixinalidade, orden, limpeza...) **11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA TODOS OS CURSOS DA ESO.**

LEXISLACIÓN APLICABLE: - DECRETO 229/2011. REGULAMENTO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DE GALICIA. - CIRCULAR 8/2009. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DE GALICIA.

Dentro de cada curso e grupo atopámonos con alumnos con niveis de coñecementos actitudes e capacidades diversas. O modo de actuación non se pode establecer a priori, cando se elaboran as programacións anuais xa que logo é un feito que se vai descubrindo durante as primeiras semanas de clase.

No curso de 3º da Eso , temos dous niveis integrados no mesmo curso, 3º eso A comparte as horas de plástica co o grupo de 3º de PMAR. Polo tanto atopámonos cunha diferenca importante na comprensión, coñecementos básicos,estratexias de traballo distintas e diferentes capacidades para conseguir obxectivos.

Por todo ello é necesario establecer unha formulación global e aberta da programación, procurando na medida do posible, atender ás características individuais dos alumnos/as partindo da súa contorna e do seu nivel de aprendizaxe e duns principios: normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade, interculturalidade, promoción da convivencia e participación. .

ACCIÓNS PREVENTIVAS E DE DETECCIÓN Art. 6 Decreto 229/201	COLABORACIÓN-COORDINACIÓN CON OUTROS PROFESIONAIS (Titoría, orientación, outros)	X
	COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS (Atención familias, outras comunicacións)	X
	FORMACIÓN E INNOVACIÓN EN AT. DIVERSIDADE DO PROFESORADO	X
	AXEITADA E EQUILIBRADA ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO CON N.E.A.E.*	X
	MEDIDAS DE TIPO CURRICULAR QUE PROMOVEN A CONVIVENCIA-NON DISCRIMINACIÓN-RESPECTO POLAS DIFERENZAS	X
	RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA EDUCACIÓN EQUITATIVA E DE CALIDADE	
	ACCESIBILIDADE DE ESPAZOS, MOBILIARIO E EQUIPAMENTO	
MEDIDAS	ADECUACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	

ORDINARIAS DE ATENCIÓN Art.8 Decreto 229/2011 (Sen alteracións de obxectivos, contidos e criterios de avaliación)	ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO CONTORNO E AO ALUMNADO	X
	USO DE METODOLOXÍAS QUE PROMOVEN A INCLUSIÓN (Traballo cooperativo, aprendizaxe por proxectos..)	X
	ADAPTACIÓN DOS TEMPOS, INSTRUMENTOS OU PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	X
	DESDOBRAMENTO DE GRUPOS	
	REFORZO EDUCATIVO E APOIO CON PROFESORADO DO DEPARTAMENTO	
	PROGRAMAS DE ENRIQUECIMENTO CURRICULAR (A.A.C.C.)**	
	PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS LINGÜÍSTICAS (Exención Francés)	
	PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	X
MATERIAS OPTATIVAS		
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS Art.9 Decreto 229/2011 (N.E.A.E. con modificacións significativas do currículo ordinario)	APOIO DE PROFESORA ESPECIALISTA EN P.T. NA ÁREA DO DEPARTAMENTO	
	ADAPTACIÓN CURRICULARES	Nº
	AGRUPAMENTOS FLEXIBLES	
	PARTICIPACIÓN P.M.A.R. *	X
	PARTICIPACIÓN F.P. BÁSICA	
FLEXIBILIZACIÓN DA ESCOLARIZACIÓN (A.A.C.C.)*		

AVALIACIÓN INICIAL

Un primeiro paso para iso son os exercicios de avaliación inicial nos primeiros días de clase e a partir de aquí o traballo diario cos alumnos e alumnas, ver o nivel de coñecementos, precisando coñecementos básicos da materia.

DURANTE O CURSO

Basicamente as actividades realizaranse no aula, con iso o profesor/a terá coñecemento do desenvolvemento na execución das mesmas, das dúbidas que lle xorden ao alumno/a, posibles lagoas nos coñecementos, etc., que poderán ser resoltas nese momento.

Contemplanse variedade de procedementos e estratexias de traballo e así o alumno/a poderá desenvolver as actividades máis adecuadas ás súas

capacidades para conseguir os obxectivos. Adapatación dos tempos e procedementos de avaliación.

Sempre que sexa posible levará a cabo un ensino personalizado, todo iso encamiñado a que o alumno chegue a conseguir os obxectivos mínimos programados para o curso.

Nos grupos pertencentes a esta materia, haberá unha diversidade esencial no nivel de coñecementos previos; non esquezamos que podemos ter alumnos que nos anos anteriores non tiveron esta materia; tamén o centro de procedencia, etc. Por iso teremos que prever:

Aos que presentaren problemas fronte á materia, variarémolles a intensidade do programa, tomando as precaucións:

Redución e simplificación dos exercicios propostos na aula. Partindo de exercicios pouco complexos e aumentando a dificultade progresivamente.

ALTAS CAPACIDADES

Aos alumnos e alumnas que demostren maior grao de madurez na materia, ou un alto grao de percepción visual, proporcionarlles exercicios máis complexos e encarrilarémolles proxectos complementarios ó resto do grupo.

Contemplanse variedade de procedementos e estratexias de traballo e así o alumno/a poderá desenvolver as actividades máis adecuadas ás súas capacidades para conseguir os obxectivos. Adapatación dos tempos e procedementos de avaliación.

Programas de Enriquecemento Instrumental

O departamento de Debuxo, forma parte de programas do centro en cooperación con outros departamentos, intentado deste xeite fomentar a igualdade, diversidade, a tolerancia e solidariedade, a conciencia medioambiental.

Participamos cos nosos alumnos e alumnas nos Clube de Letras, no Espazo Maker e no Proxecto Rios.

AVALIACIÓNS

Avaliacións frecuentes, para reducir as diferenzas coa media do grupo. Se estas medidas non funcionan, ver co equipo de orientación, outras máis oportunas.

Proporcionar tempo adicional nas probas de avaliación escrita ou reducir o número de preguntas a contestar

Realizar os exames longos en dúas sesións.

Recordarlle ao alumnado que revise o exame antes de entrégalo e animalo a rematalo en caso de que deixara algunha pregunta sen contestar.

Avaliar as probas en función do contido. As faltas de ortografía non deben influír de forma negativa na puntuación final da proba.

Ofertar a posibilidade de facer exames orais ou de que o alumnado complete ou explique posteriormente os exames escritos, adaptando as probas as necesidades específicas do alumno/a

No caso de alumnos non integrados no grupo, e cunha clara problemática, tratar de asocialos con outros grupos.

Se tiveramos alumnos con discapacidades físicas, procurar adaptar o entorno ás súas necesidades: accesos, encerados, luz, posición na aula, etc.

Propoñer distintos tipos de probas: oral, escrita ou por ordenador (procesador de textos).

Ter en conta ao alumnado á hora de elixir o tipo de preguntas que se van incluír na proba: de verdadeiro/falso, frases para completar, elección múltiple (tipo test), esquemas, preguntas curtas, completar un esquema, definicións, etc.

TER EN CONTA

Debemos tamen aplicar os protocolos tendo en conta, a singularidade de cada un dos nosos alumnos e alumnas:

1. Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
2. Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- 3 Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
- 4.Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva, con orientacións para o 5.diagnóstico, a intervención e a organización das medidas educativas.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

ACTIVIDADES DA AULA		1	2	3	4
1	Os alumnos/as traballan do seguinte xeito nas miñas clases:				
	- De forma individual				
	- Por parellas				
	- En grupos reducidos				
	- En grupos grandes				
2	Os exercicios que propoño son do seguinte tipo:				
	- Cerrados, dirixidos , do libro,..				
	- Abertos , procedimentales , diversos, proxectos,etc				
	. Facilitan o traballo cooperativo				
3	En la metodoloxia que aplico :				
	-Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
	- Propoño actividades para facilitar o aprendizaxe autónomo				
	- Me baso nas explicacions teóricas e no libro				
	Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
	Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
	Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
	Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc				
	Combínase o traballo individual e en equipo.				

	Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.				
	. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
	Combínase o traballo individual e en equipo				
4	Como paso as horas léctivas:				
	- Consequindo silencio				
	-Impartindo teoría e explicacións				
	-Observando				
	-Corrixindos alumnos/as de maneira individual				
	PROCESO DE ENSINO / APRENDIZAXE	1	2	3	4
	- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado				
	-Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado				
	-Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
	-Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
	-Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
	-Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
	-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARAN EN SEGÚN QUÉ CURSOS.

Os temas transversais non forman parte do currículo concreto de ningunha das áreas, pero deben estar presentes en todo o proceso educativo, cooperando todas as áreas no seu tratamento. A presenza destes temas oríéntase cara á educación de actitudes e a formación de valores.

Na área de Educación Plástica, Visual e AudioVisual podemos educar actitudes relativas a :

A EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA, tendo en conta que o desenvolvemento das capacidades para comprender e criticar a contorna visual contribúe á socialización do individuo no seu medio. A actitude de tolerancia ante as diferenzas individuais pódese educar a través da análise de valores racistas presentes nalgún programa de videoxogos, ou noutras imaxes procedentes dos medios de comunicación.

A EDUCACIÓN NON SEXISTA pode traballarse neste área en múltiples aspectos. A través da análise de imaxes con connotacións sexistas, moi abundantes na publicidade, nos programas de televisión e nos de videoxogos, podemos desenvolver a capacidade de detectar utilización do sexo das persoas como obxecto e educar as actitudes fronte aos valores sexistas presentes nos medios de comunicación.

A EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR ten a súa presenza nesta programación fundamentalmente nos contidos actitudinais da unidade de publicidade. Preténdese facer conscientes aos alumnos da influencia dos anuncios gráficos e dos anuncios publicitarios na creación de necesidades de consumo. Mediante a análise da linguaxe visual nos medios publicitarios e os propósitos a que obedecen os diversos estereotipos aos que se asocian os produtos, desenvolveranse as capacidades de comprensión das mensaxes e as actitudes críticas que permitan aos alumnos valorar as súas necesidades reais de consumo.

A EDUCACIÓN AMBIENTAL está presente na análise de valores estéticos na contorna natural e social, e nas actitudes de respecto ao medio ambiente, que se traballan en unidades de observación e debuxo do natural. Ao exporse determinadas formas de intervención artística sobre a natureza (Land Art), coidarase que os traballos prácticos realícense de forma que teñan unha utilidade para a limpeza dun espazo ou que, polo menos, non produzan ningún prexuízo ás calidades visuais do lugar.

A EDUCACIÓN PARA A PAZ inclúense nos contidos de unidades correspondentes á imaxe fixa e en movemento, cine, cómic, videoxogos, televisión,.... Dada a proliferación de programas bélicos, imaxes agresivas e dramáticas, preténdese analizar estas imaxes para desenvolver actitudes críticas fronte á presenza de contidos militaristas e violentos en determinados programas.

A EDUCACIÓN VIARIA pode traballarse no contexto do estudo dos códigos normalizados presentes en linguaxes non verbais como a sinalización horizontal e vertical da circulación. Os conceptos de símbolo e sinal poden introducirse cando se estude este tema, ao considerar que a función simbólica domina sobre as funcións prácticas e estética nalgúns obxectos da contorna como os semáforos ou os sinais de tráfico.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

Este curso en particular e debido a situación de pandemia, limitaremos as actividades complementarias de colaboración con outros departamentos , para tentar manter os grupos burbulla no medida do posible , posto que estas actividades requiren colaboración en grupos e actuacións doe compártese traballo con outros grupos de ESO. Aínda así o departamento mantén a porta aberta a colaborar cos departamentos de Bioloxía e Tecnoloxía, así como en Lingua

Castelá en caso de ser viable a proposta

Os alumnos e as alumnas de 4º de E.S.O., van participar no clube de Letras, que será coordinado polo departamento de Lingua Castelá

Debuxo intentará participar nas actividades de carácter artístico que se organicen no Centro, na medida do posible e na medida do que a nosa programación permítanolo.

Exporanse os traballos realizados polos alumnos e as alumnas dentro do aula E participaran en concursos de oferta pública, dalgún de xeito obrigatorio e outros voluntariamente.

Non podemos adicar todo o noso tempo a facer traballos para outras materias, xa que non poderíamos acadar os obxectivos da área.

Informarase aos alumnos e as alumnas da convocatoria de Concursos de Debuxo, Pintura, Carteis, etc., que convoquen distintos organismos e asociacións. Visita a museos, salas de exposicións ou representacións teatrais onde os alumnos/as poidan apreciar distintas facetas artísticas.

Saídas cos alumnos/as polos arredores do Instituto para realizar actividades plásticas fora do aula(4º ESo).

REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS.

O remate do primeiro trimestre, e segundo os resultados acadados polos alumnos/as, faráse unha revisión e avaliación dos obxectivos programados para cada asignatura e nivel.

Na medida das posibilidades horarias e de disponibilidad dos profesores do departamento, se modificarán aqueles aspectos da programación que non se poideran desenrolar conforme ao programado, deixando constancia en calquera caso ó rematar o curso dos temas que non se deron na súa totalidade para que no curso seguinte se reforcen estas aprendizaxes que non se completaron.

DIBUXO TÉCNICO BACHARELATO II	
INDICE	
1. Intoducción á materia.	
2. Obxectivos xerais do bacharelato	
3. Obxectivos xerais da etapa	
4. Obxectivos xerais do curso	
5. Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos	
6. Relación de contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia e perfís competenciais.	
7. Concreción do grado mínimo dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.	Nos tres supostos ensino presencial, non presencial e semipresencial
8. Procedementos e instrumentos de avaliación.	Nos tres supostos ensino presencial, non presencial e semipresencial
9. Criterios sobre Avaliación Cualificación e promoción do alumnado.	Nos tres supostos ensino presencial, non presencial e semipresencial
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das Materias Pendentes.	
11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos seus resultados.	
12. Avaliación ordinaria de xuño.	Nos tres supostos ensino presencial, non presencial e semipresencial
13. Avaliación ordinaria de setembro	

14 Metodoloxía e recursos didácticos que require a materia

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

A ensinanza de Debuxo Técnico no Bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Utilizar axeitadamente e con certa destreza os instrumentos e a terminoloxía específica do debuxo técnico.
2. Valorar a importancia que ten o correcto acabado e presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, á súa exactitude e á limpeza e ao coidado do soporte.
3. Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe obxectiva e universal, e valorar a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
4. Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración de formas no plano.
5. Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo ou representar figuras tridimensionais no plano.
6. Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e cota das vistas dun corpo.
7. Empregar o bosquejo e a perspectiva a man alzada como medio de expresión gráfica e conseguir a destreza e a rapidez necesarias.
8. Planificar e reflexionar, de forma individual e colectiva, sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica, e relacionarse con outras persoas nas actividades colectivas con flexibilidade e responsabilidade.
9. Integrar os seus coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá; revisar e valorar o estado de consecución do proxecto ou da actividade sempre que sexa necesario.
10. Interesarse polas novas tecnoloxías e polos programas de deseño; gozar coa súa utilización e valorar as súas posibilidades na realización de planos técnicos.

DEBUXO TÉCNICO II

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO:

1. Realizar trazados xeométricos no plano coñecendo os seus fundamentos teóricos.
2. Saber aplicar ditos trazados á realización de traballos máis complexos.
3. Usar correctamente o compás, a escuadra e o cartabón, a regra e o lápiz.
4. Coñecer os distintos ángulos na circunferencia e saber relacionalos entre sí.
5. Coñecer e comprender os fundamentos das construcións básicas de tanxencias entre rectas e circunferencias, e entre circunferencias.
6. Saber aplicar os diferentes procedementos gráficos para resolver cada caso.
7. Analizar e ordenar todos os casos de tanxencias estudados para aplicacións, non só de forma aislada senón insertados na definición dunha forma.
8. Realizar con corrección os enlaces, aplicando os casos de tanxencia correspondentes
9. Coñecer e comprender a natureza das curvas cónicas e cíclicas, diferenciando as distintas formas de xerarse.
10. Representar curvas cónicas, atendendo as súas propiedades e características.
11. Coñecer e aplicar as propiedades das curvas cónicas e a relación entre os diferentes elementos de definición, incluíndo as rectas tanxentes e secantes.
12. Trazar curvas cíclicas atendendo as súas propiedades e elementos.
13. Construír e debuxar figuras xeométricas planas que teñan a mesma superficie que outras.

14. Coñecer as relacións das transformacións con a xeometría descritiva que se estudiará máis adiante.
15. Realizar transformacións no plano, tales como homoloxías e afinidades.
16. Aplicar ditas transformacións a outros tipos de problemas.
17. Entender a necesidade e a importancia do sistema diédrico.
18. Coñecer o fundamento teórico do sistema diédrico.
19. Empregar o sistema diédrico para resolver problemas de interseccións, paralelismo, perpendicularidade e distancias entre puntos, a recta e o plano.
20. Empregar a terceira proxección na resolución de problemas.
21. Coñecer e comprender en sistema diédrico os métodos que usa a xeometría descriptiva, como os abatements, os cambios de plano e os xiros.
22. Coñecer métodos como os abatimientos, os cambios de plano e os xiros, para representar en diédrico figuras planas.
23. Comprender e empregar o sistema diédrico para resolver problemas xeométricos no espazo entre puntos, rectas e planos. Representar as superficies radiadas no plano.
